

Documento distribuído por



Forza e valentía feminista tras un sorriso

Ana María Arellano Salafranca

Data de publicación: 09-04-2014



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

FORZA E VALENTÍA FEMINISTA TRAS UN SORRISO

Ana María Arellano Salafranca
Consello de redacción da revista *Andaina*

Coñecín a Tereixa a principios dos anos oitenta do século pasado. Pasaran moi poucos anos desde as primeiras eleccións da democracia e neste país acababamos de estrear Xunta e Parlamento galegos. Eran anos de efervescencia social e política que desbordaba nas rúas. Había unhas ansias de democracia, de xustiza e de liberdade que a transición sen ruptura desde o franquismo non acababa de satisfacer e tampouco axudaba o feito de que, en moitos casos, o poder político e económico seguise a ser controlado por persoas do anterior réxime.

Esta fame atrasada e insatisfeita de liberdade dá pulo aos numerosos movementos sociais que comezaron a súa andaina na loita contra o franquismo. Movementos antimilitaristas, veciñais, culturais, nacionalistas e tamén feministas que reclamaban cambios nas leis, na educación, nos medios...

O feminismo que xa agomara nos últimos anos do réxime anterior, colleu moita forza na década dos anos oitenta, tanto polo número de mulleres que nos achegabamos a el como pola transcendencia das súas reivindicacións e foi tal vez un dos movementos que máis contribuíu a mudar as mentalidades.

Un dos grupos feministas máis sobranceiros neses anos era a Asociación Galega da Muller, organización na que estabamos integradas moitas mulleres de toda Galiza; estudantes, sobre todo en Santiago, pero tamén profesionais e traballadoras por conta allea. Procurabamos estar presentes nas rúas utilizando todos os medios ao noso alcance; folletos informativos, charlas, manifestacións, debates... Foi nun destes actos organizados por AGM, nunha mesa sobre *Muller e medios de comunicación* cando entramos en contacto con Tereixa. Non recordo moito como foi aquel acto, pero si que logo fomos tomar uns viños ao Abrigadoiro e

que alí, máis distendidas, comezou a fraguarse unha relación máis intensa e duradeira, con algunhas de amizade e con todas de compromiso coas ideas e inquedanzas feministas.

Pelexabamos daquela por conseguir unha lei de divorcio sen culpables, polo dereito a decidir sobre o noso corpo e a manifestar libremente calquera opción sexual, denunciabamos a discriminación laboral, o desigual reparto das tarefas domésticas, o ensino discriminatorio que impartía valores diferenciados para mulleres e homes e a violencia machista que acontecía impunemente no interior das casas, dos lugares de traballo, ou nas rúas...

Tereixa era, e é, unha muller coñecida polo seu traballo primeiro na radio, na SER e logo na TVE de Galicia. Transmitía simpatía e proximidade e sobre todo tiña unha bagaxe profesional que ninguén cuestionaba. Se cada unha dentro do grupo achegabamos o que podíamos e queríamos Tereixa foi para nós, e para o movemento feminista en xeral, un altofalante que axudou a espallar as reivindicacións feministas tanto desde o seu traballo na televisión con entrevistas e programas dedicados a cuestións como o dereito ao aborto ou ao traballo das mulleres, como coa súa presenza activa nos diversos actos que se organizaban.

Desde aquela ata hoxe houbo notábeis cambios, sobre todo nas leis e na visibilidade das discriminacións pero moitas destas reivindicacións aínda seguen pendentes, e nestes momentos de clara involución mesmo perigan os logros conseguidos. Aí está a proposta do Ministro de Xustiza para restrinxir o dereito ao aborto a uns supostos aínda máis cativos que os da lei de 1985 aprobada polo primeiro goberno socialista. Coa volta atrás na lexislación non se pretende evitar ou diminuír o número de abortos, pois está claro que non aumentaron coa lei de prazos, senón simplemente quitarnos ás mulleres o dereito a decidir libremente sobre o noso corpo .

Esta reivindicación, o dereito ao aborto libre e gratuíto na rede sanitaria pública, que iniciamos con forza na segunda metade dos anos setenta ten sido unha das loitas máis continuadas e activas do movemento feminista. Realizáronse encadeamentos nas rúas, manifestacións, peches nos concellos, no pazo arcebispal e nos xulgados, cortes do tránsito viario e campañas de autoinculpación... E mesmo, despois da cativa lei despenalizadora de 1985, o movemento feminista pasou a realizar de abortos clandestinos como una forma de presión contando con apoios sociais importantes.

Esta loita foi amplamente recollida nos medios con artigos, entrevistas, fotos e vídeos. Tereixa, tanto desde o seu traballo como xornalista como coa súa participación nos actos e

tamén, en moitas ocasións, prestando a súa voz para a lectura dos comunicados finais contribuíu a que o dereito ao aborto deixase de ser un tabú ou unha leria de catro tolas e adquirise unha maior difusión entre a sociedade galega.

Outro dos temas que máis nos mobilizou naqueles anos, e que tamén hoxe nos segue mobilizando, é a loita contra a violencia machista. En 1988, coincidindo cos actos programados para o 8 de marzo o Movemento Feminista Galego organizou un Tribunal de Mulleres contra a Violencia Sexual no Auditorio da Universidade de Santiago. Nunha sala repleta puidéronse escoitar as testemuñas de dez mulleres que, en representación de todas as vítimas, relataron en primeira persoa as agresións que tiñan sufrido; chantaxes e abusos sexuais nos lugares de traballo, agresións na rúa, violacións, palizas e malos tratos no contorno doméstico, agresións a lesbianas... O Tribunal estaba constituído por representantes de diversas organizacións feministas e tamén por avogadas, estudantes, investigadoras e xornalistas con marcada traxectoria nas organizacións feministas galegas. Entre elas, na mesa deste “Tribunal” estaba tamén Tereixa, quen ao final do acto deu lectura á sentenza condenatoria contra os gobernos galego e español e contra todas as institucións públicas da Administración por acción ou omisión da violencia padecida polas mulleres.

Agora hai unha maior sensibilidade social contra a violencia machista e o feminismo contribuíu moito a iso con actos como aquel tribunal, ou como as Xornadas Feministas Estatais organizadas en decembro de 1988 en Santiago que foron case monográficas contra a violencia. Hoxe mesmo contamos cunha Lei Integral contra a Violencia de Xénero aprobada por unanimidade no Parlamento Español, pero a realidade é que os actos de violencia non diminúen. O maltrato cara ás mulleres é unha realidade perversa dentro dunha sociedade que admite a violencia como medio para resolver os conflitos e que fai vítimas os colectivos e persoas máis vulnerábeis e desprotexidas.

Pero o feminismo daqueles anos non era só activo na rúa e nas denuncias públicas tamén nos preocupaba a reflexión e a difusión dos debates e das ideas feministas. Con este obxectivo xorden as primeiras revistas feministas. Ademais de “A Saia” que foi a primeira en 1982, no ano seguinte aparecen “A Festa da Palabra Silenciada”, editada por Feministas Independentes Galegas e dirixida por M^a Xosé Queizan e “Andaina, Revista Galega de Pensamento Feminista”, que promoveu a Coordinadora de Organizacións Feministas, da que formaba parte a Asociación Galega da Muller e coa que Tereixa colaborou desde o seu inicio en Xaneiro de 1983. Esta revista que nun principio era pouco máis que un folleto de doce

páxinas, sen grampar sequera, contou xa no seu primeiro número cun artigo de Tereixa: “A muller no cine” no que deixaba patente a súa faceta de cinéfila e de feminista sen dogmatismos. Nesa primeira xeira da revista, da que saíron 24 números, hai tamén outros artigos asinados por ela comentando películas, libros ou os números que ían saíndo de “A Festa da Palabra Silenciada” e tamén, deixando constancia da súa conciencia antimilitarista e a súa posición contra a entrada na OTAN, no número 9 desa primeira xeira hai outro artigo de Tereixa “Feminismo versus pacifismo”

A colaboración de Tereixa con Andaina fíxose máis habitual a partir da segunda xeira da revista cando en 1991 cambia o formato, aumenta o número de páxinas e comézase a numerar desde o número 1. É daquela cando Tereixa se fai cargo das entrevistas ata 1993. Da súa man saíron en Andaina entrevistas con mulleres senlleiras deste país como Luma Gómez, Aurora Marco, Mercedes Carreño, Marina Mayoral e Lidia Senra e tamén de fóra como a actriz Lola Herrera a quen entrevistou en 1993 aproveitando a súa estadía en Galicia coa obra “A toda Luz”.

Pero non só co feminismo, a súa sensibilidade coas loitas sociais queda patente tamén na súa colaboración co movemento anti-OTAN, cos afectados pola reconversión naval, ou coas reivindicacións nacionalistas, participando nas manifestacións e dando lectura aos comunicados finais...

Nas loitas sociais daqueles anos eramos moitos e moitas as que alzabamos a voz e nos mobilizabamos nas rúas, pero non todas as persoas tiñan a mesma proxección social e no caso de Tereixa, a súa actitude combativa e solidaria tivo evidentes consecuencias profesionais .

En 1989 en recoñecemento a súa traxectoria e contra a inxustiza que significaba o illamento profesional a que a someteron, AGM promoveu unha manifestación baixo o lema “Pola liberdade de expresión. Non ao cese de Tereixa Navaza” que foi asinada por todos os grupos á esquerda do PSOE .

Pero en todo caso, e a pesar dese afastamento que a relegou dos telexornais a dar a información do tempo, hai que dicir que Tereixa non perdeu nunca o sorriso, mesmo tiña unha singular maneira de narrar as peripecias das nubes e do sol. Máis dunha vez apareceu na pantalla lucindo un abano co símbolo feminista e anunciando o bo tempo do que se ían aproveitar os manifestantes do naval ou as feministas ou os insubmisos

E así ata hoxe, Tereixa, xenio e figura, sempre sorrinte e amable que segue coa mesma sensibilidade feminista e combativa, pois, aínda que aquí me limitei a falar das últimas décadas do século anterior, que foi cando máis relación tiveron con ela, hoxe seguimos contando coa súa presenza en xornadas, conferencias ou manifestacións reivindicativas. Por todo este longo percorrido, moitas grazas Tereixa.

ARELLANO SALAFRANCA, Ana María: “Forza e valentía feminista tras un sorriso”. Relatorio presentado na xornada *Tereixa Navaza. A voz da liberdade* organizada pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, 25 de outubro de 2012